



ACTA DA SESIÓN TELEMÁTICA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO DA PRAZA DE OFICIAL ADMINISTRATIVO, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVO, INCLUÍDA NA OEP 2023

Sendo as 13:20 horas do día 13 de febreiro de 2026, en sesión telemática celebrada mediante videoconferencia consonte coa previsión contida na Base 5ª, apartado 6, das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2023, 20224 e 2025 (publicadas no BOP núm. 211 do 04.11.2025), xúntanse os integrantes do Tribunal cualificador constituído en sesión do 2 de febreiro de 2026, baixo a Presidencia de Laura Gutiérrez Ortiz (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo), os vogais, Federico Suárez Cancelo (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Oroso), Raúl Martínez Martínez (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Cerceda) e Alberto Rilo Nogueira (funcionario de carreira do Concello de Bergondo), actuando como secretaria, Ana María Cacharrón Castelos (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo).

A xuntanza ten por obxecto estudar as alegacións presentadas e que a continuación se relacionan, con indicación de nome e apelidos, número de rexistro e solicitude / número de pregunta contra a que se reclama:

Apelidos e nome	Núm rexistro	Solicitude
Barreiro Zas, Ainhoa	202699900000511	Corrección do seu exame

Apelidos e nome	Núm rexistro	Pregunta
Quintela Díaz, Laura Ángeles	202699900000538	12

Existe quórum suficiente para as actuacións do día de hoxe.

1º. En relación á solicitude de Ainhoa Barreiro Zas de corrección do seu exame, a peticionaria indica:

“Que la compareciente se presentó al primer ejercicio del proceso selectivo para la plaza de Administrativo (OEP 2023) del Concello de Bergondo, realizando y entregando el correspondiente examen en la fecha señalada. Que en la hoja de respuestas consignó el siguiente código identificativo: [02 02 00 02, siendo el correcto: simplemente 02], pudiendo existir un error material en la transcripción del mismo, lo que habría provocado que no figure calificación publicada a su nombre.

Que su asistencia y realización efectiva del examen pueden ser comprobadas por el Tribunal mediante la correspondiente verificación interna.”

Y solicita: *“Que se tenga por presentado este escrito dentro de plazo y se proceda a: 1. La verificación del examen realizado por la compareciente. 2. La corrección del mismo conforme a la plantilla oficial. 3. La publicación de la calificación correspondiente.”*

O Tribunal, na xuntanza do 9 de febreiro de 2026, acordou non corrixir dous exercicios cuxas plantillas de respostas non tiñan reflexado o código numérico outorgado aos respectivos aspirantes.

As bases son lei no proceso selectivo e deben ser acatadas por todas as partes. As bases xerais reguladoras deste proceso garantizan, sempre que sexa posible, o anonimato dos/as aspirantes. Non entanto, como recoñeceu o Tribunal Constitucional na súa Sentenza nº 34/1995, de 6 de febreiro, os Tribunais dispoñen dunha marxe de discrecionalidad técnica para a interpretación e aplicación do establecido nas bases e para adecuar o desenvolvemento da convocatoria ás circunstancias concretas, fundada nunha presunción de certeza e razoabilidade da súa actuación, dado o carácter técnico e a especialización e imparcialidade dos órganos establecidos para realizar as valoracións.

Os aspectos que as bases non terminen de completar ou aclarar deberán ser concretados polo Tribunal, en base á discrecionalidade técnica que lle corresponde. Por iso, foi perfectamente correcto que o Tribunal fixara no exame as regras para a súa entrega e para garantir o anonimato dos aspirantes na corrección.

O proceso para garantir o anonimato explicouse detalladamente antes do inicio do exame e desde o tribunal lembrouse, reiteradamente, que se indicase o código que se entregaba a cada aspirante na plantilla de respostas.

Na celebración do 1º exercicio da oposición de oficial administrativo, subescala administrativa, houbo dos exames nos que non figuraba o código entregado polo Tribunal, ou sexa, dúas persoas aspirantes non cumprimentaron ben os documentos entregados, ao non poñer o código identificativo na plantilla de respostas, e ao non cumprir as regras para a entrega do exercicio, foron excluídas do proceso selectivo dado que o Tribunal non podería saber a quen pertencían os exames sen códigos trala hipotética corrección.

Pero é que ademáis, ao solicitar a corrección dun dos exames sen código e identificalo como o que contén un código erróneo consignado pola propia aspirante, quedaría identificada e a corrección non podería ser nunca anónima.

Polo que o **Tribunal por unanimidade, reitérase na súa decisión do pasado 9 de febreiro de 2026.**

2º. Polo Tribunal revísase a pregunta 12, respecto á que indica a alegante: *“De acuerdo con el artículo 38 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, es la responsabilidad del titular de la sede electrónica garantizar la integridad, veracidad y actualización de la información y los servicios a los que pueda accederse a través de la misma, no son los principios de la sede electrónica”*.

A pregunta contra a que se alega é a seguinte:

“12. Conforme establece el artículo 38 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, los principios que debe respetar la sede electrónica de una Administración serán:

- a) usabilidad, veracidad y actualización de la información y los servicios a los que pueda accederse a través de la misma.***
- b) usabilidad, interconexión y actualización de la información y los servicios a los que pueda accederse a través de la misma.***
- c) integridad, veracidad y actualización de la información y los servicios a los que pueda accederse a través de la misma.***



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

d) *usabilidad, veracidad y permanencia de la información y los servicios a los que pueda accederse a través de la misma.*”

A Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, no seu artigo 38.2 dispón: “*El establecimiento de una sede electrónica conlleva la responsabilidad del titular respecto de la integridad, veracidad y actualización de la información y los servicios a los que pueda accederse a través de la misma*”.

O que indica o citado artigo é quen é o responsable de que se cumpran os principios básicos que debe respectar a sede electrónica dunha administración; porque eses principios son predicables da sede electrónica que se establezca non do seu responsable.

A pregunta formulada no exame é correcta, polo tanto, a alegación formulada, desestímase.

Á vista do exposto, o Tribunal, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro. Reiterarse na decisión adoptada na xuntanza do 9 de febreiro de 2026 de non correxir os exames sen código identificativo polas razóns expostas no corpo desta acta.

Segundo. Desestimar a alegación formulada á pregunta 12 polas razóns indicadas no corpo desta acta.

Terceiro. Manter a convocatoria dos aspirantes aprobados, á celebración do **segundo exame da oposición, o xoves 19 de febreiro de 2026, ás 9:00 horas, na Casa da Cultura do Concello de Bergondo.**

Cuarto. Publicar o acordado no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica (Base 7^a.1 das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2023, 2024 e 2025 (BOP núm. 211 do 04.11.2025).

Non sendo outro o obxecto desta xuntanza, dáse por rematada a mesma, redactándose a presente acta que se asina de xeito telemático a través da sala de sinaturas de portafirmas dependente da Deputación Provincial da Coruña (<https://www.dacoruna.gal/portafirmas/>) por tódolos integrantes do Tribunal e considerándose como lugar de sinaturas aos efectos oportunos o Concello de Bergondo. Dou fe; a secretaria

A Presidenta

Os Vogais

A secretaria